

UNHA FIESTRA AOS PORTUGUESES!



A partir da viaxe a Coimbra dos clubs de lectura.

IES de Porto do Son e o IES Aquis Celenis de Caldas. Abril 2016



Roteiro Coimbra

Nós propuxemos ao alumnado dos clubs do Aquis Celenis e de Porto do Son:

"Ide polas rúas, preguntade, falade, observade...Queremos saber máis dete país veciño. Algo máis que o fado, os galos do tempo e as feiras para mercar toallas e sabas.





Grupos de 5 ou 6 mozos e mozas de distintas idades e dos dous centros debedes atopar as respostas a estas 10 cuestións. Valorade o perfil das persoas ás que preguntades (idade, posibles intereses...). Anotade sempre o nome e a idade do informante, un diferente para cada resposta. LEMBRARDE, gaña o grupo que antes chegue xunto ás profes coas respostas correctas.

Levades unha libretiña para anotar e 10 poemas de **Manuel María** con 10 laciños para que agasalledes con eles a persoa que vos deu a resposta axeitada.



Fitas para Coimbra. "O idioma é a chave (...)"!!!

(Manuel María, do poema "A fala")

Dende o 17 de maio 1963 conmemoramos en Galiza o Día das Letras Galegas. Cumpriáanse entón 100 anos da publicación de *Cantares Gallegos* de Rosalía de Castro, unha das principais voces do noso Rexurdimento literario. Festexamos nesta data a obra dun escritor relevante cun especial compromiso coa nosa lingua.



Como sabes, o galego-portugués tivo na lírica medieval a súa etapa de esplendor. Por razóns históricas, seguimos camiños diferentes pero atopamos na palabra unha chave á irmandade.

Hoxe, descubrindo Coimbra, **queremos agasallarte cun poema de Manuel María**, o autor homenaxeado no 2016.

"A fala"


O idioma é a chave
coa que abrimos o mundo:
o salouco máis feble,
o pesar máis profundo.

...ma é a patria,
...a máis nosa,
...común
...e poderosa.
...a é a forza
...xungue e sostén.
...mos a fala
...non seremos ningún!

...a é o amor,
...dade,
...e o
...que deixan

O idioma é un herdo,
patrimonio do pobo,
maxicamente vello,
eternamente novo.

As letras do vento ceibe (1970)





BOA SORTE!!!!



1. O nome de dous grupos e/ ou cantantes portugueses e unha das súas mellores cancións.

DAMA, "Ás veces", "Não dá"

Rui Veloso, "Anel de Rubí"


Ana Moura, "Desfado"

Agir, "Como ela é bela"

Dillaz, "Homem da Sirene"

Luísa Sobral, "João"

Deolinda "Seja Agora", "Fon Fon Fon"
Pincha enriba!!!!



Jorge Palma, "Na Terra dos Sonhos"

Boss Acc, "Tú es más forte"

Virgem Suta, "Ela queria "

Toni Carreira " Que ere eu sem ti "

Mikael Karreira "Só penso em ti "

David Carreira " Primeira Dama "



2. O nome de dous grupos e/ou cantantes de fala portuguesa pero de orixe africana ou brasileira e unha das súas mellores cancións.

Une o reggae con experimentacións sonoras. Mestizaxe -raíces africanas, árabes, cubanas, indias... e crítica social. "Omohumanidadecidade" do seu disco Humus Sapiens denuncia a explotación da Amazonía.



"É verdade" de Oba train

(Terrakota, 2007), un álbum que nos leva aos confíns de Senegal, Brasil, Burkina Faso, Cuba, Colombia, Angola, Marrocos, Xamaica...

«non hai que comparar, dividir, separar as personas diferentes, las razas, as cores da pel, as nacionalidades. É un NON total a ás leis da inmigración»

Bandas de raíces africanas

C4 PEDRO, African Beauty :

artista angolano e música kuduro, rap e rhythm and blues.



Bandas raíces brasileiras

Marcelo D2




“Você Diz Que O Amor Não Dói”

Aquí podedes escoitar algúns dos seus temas :



<http://maioressucessos.com/Marcelo-D2>

3. O título de quatro películas portuguesas que deveríamos ver.

O Leão Da Estrela
Patio das cantigas
Kilas , o Mau da Fita
A Gaiola dourada



Amália
 Captaes de abril
 Os maias
 Crime do Padre Amaro
 Inês de Portugal
 Sei Lá
 Bolas i bolinhos



4. O título de catro libros xuvenís de autores de fala portuguesa que máis che gustaran (se é posible, un deles de poesía).

O meu primeiro Don Quixote, Alice Vieira , Mingote (ilustrador).


Chocolate à Chuva , Alice Vieira .

Leandro Rei da Heliria , Alice Vieira.

Vida mágica sementinha , Alves Redo.

Um beijo no pé , María Teresa Maia González.

O diario secreto de Camila , Ana María Magalhães.



A fada Oriana, Sophia de Mello Breyner Andresen
O gato malhado e a andorinha Sinhá, Jorge Amado
Fernão capelo Gaivota, Richard Bach
Uma aventura, Ana Maria Magalhães e Isabel Alçada



JORGE AMADO

*O Gato
 Malhado e a
 Andorinha
 Sinhá*
*uma história
 de amor*
 ilustrações
 a cores de
 Carybé




A andorinha Sinhá
 A Andorinha Sinhô
 A andorinha bateu asas
 e voou.

Vida triste minha vida
 não sei cantar nem voar
 não tenho asas nem penas
 não sei soneto escrever.

Muito amo a Andorinha,
 com ela quero casar.
 Mas a Andorinha não quer,

Comigo casar não pode
 porque sou gato malhado,
 aí!



5. O título de catro libros de adultos de fala portuguesa que máis che gustaran (se é posible, un deles de poesía ou cómic).

Esplendor de Portugal, António Lobo Antunes.

A Yangada de Pedra, Saramago.




Os maias, Eça de Queirós.

Auto do Barcao do inferno, Gil Vicente.









Equador, Sousa Tavares.

A filha do Papa, Luís Miguel Rocha.

O Meças, Rentes de Carvalho.



Crime do Padre Amaro, Eça de Queirós.
Poemas, Solano Trindade (poesia brasileira)
Os lusíadas, Luís de Camões.
O memorial do convento, Saramago.
Livro, José Luís Peixoto.
As 3 vidas, João Tordo.
Longe do meu Coração, Júlio Magalhães
A máquina de fazer espanhóis, Valter Hugo Mãe
Inês de Portugal, João Aguiar
Portugal, Cyril Pedrosa



6. Receita tradicional da preparación do bacallao coas patacas: ingredientes e preparación. interésanos moito saber como se consegue desalgar o bacallao no seu punto e cal é o segredo desas patacas tan ricas. Ah! E o prebe!

Non nos dixeron moito, semella que non queren descubrir os seus segredos. Isto foi o único que conseguimos:

Hai que poñelo a desalgar coa pel para enriba durante dous días.

O que si nos recomendaron foi probar o bachallao con natas, o bacallao á lagareira e o bacallao á Gómes Sá.



Buscando na rede, atopamos **596** maneiras diferentes de preparar este sabroso prato: [Receitas de Bacalhau](#)

7. Que coñecen de Galicia? (literatura, música, cine, cidades e vilas...).

Non moitas respostas; realmente estamos tan afastados?????

Santiago,
Compartimos fronteira,
O galego -parecido ao portugués-,
Vigo, Lugo, Ferrol,
O himno galego,
O caldo,
Que Inês de Castro era galega...

8. Que descreva como seria o seu dia perfecto en Coimbra. Onde xantaría, por onde pasearía, onde tomaría un café...

Pasear pola beira do Mondego e pola Universidade...



Xantar no João dos Leitões.

Saborear un doce na pastelaría a Briosa.



Um galao, um cha, unha meia de leite... Na terraza do Museo Manuel Machado disfrutando das vistas sobre a cidade.



A Casa do Fado onde escoitar e entender o sentir dun pobo.

*A movida da Praza da República
Murphy's Irish Pub*



9. Cinco palabras portuguesas que lle resulten fermosas. Debedes averiguar o seu significado

Mango

Coimbra

Queijada : doce de Sintra

Ovos moles: doce típico de Aveiro

Río Mondego

Obrigada

Chocalho (para os bebés): axóuxere

Pirilanaus

Morango

Fetías: rebanda

Sossego

10. Que vos descreva a festa das fitas.



"As fitas que antes serviam para atar os livros, hoje representam, para os quartanistas* fitados, a etapa do finalizar do Curso."

As cores das fitas

Medicina - **Amarelo**

Direito - **Vermelho**

Ciências - **Azul claro** e Branco

Letras - **Azul escuro**

Economia - **Vermelho** e Branco

Psicologia/Ciências da Educação - **Laranja**

Farmácia - **Roxo**

Desporto - **Castanho** e Branco

*Quartanistas: estudantes do último curso.

"Uma onda de alegria e entusiasmo invade Coimbra quando uma multidão de estudantes se reúne junto à Sé Velha a ouvir a tradicional serenata. É esta Canção de Coimbra que dá início à célebre festa académica."

[Queima das Fitas](#)



"É nas escadarias da Sé Velha que hoje, após o relógio marcar as 12 badaladas, se vão ouvir as guitarras e as vozes da Canção de Coimbra. Arranca assim mais uma Queima das Fitas."

[Serenata Monumental - arranca a Queima 2015](#)

Neste enlace podes escoitar serenatas de distintos anos: [Queima das Fitas](#). Pero a nós gústanos Balada de Despedida do 5º Ano Jurídico 88/89 porque mostra o sentimento de tristeza, emoción e pertenza que Branca e Paulo, os nosos guías, nos transmitiron.

Balada da despedida. Serenata da Queima das Fitas de Coimbra.

Sentes que um tempo acabou
primavera de flor adormecida,
Qualquer coisa que não volta que voou,
Que foi um rio, um ar, na tua vida.
E levas em ti guardado
O choro de uma balada
Recordações do passado
O bater da velha cabra.*
Capa negra de saudade
No momento da partida
Segredos desta cidade
Levo comigo p'rá vida.
Sabes que o desenho do adeus
É fogo que nos queima devagar,
E no lento cerrar dos olhos teus
Fica a esperança de um dia aqui voltar.
E levas em ti guardado
O choro de uma balada
Recordações do passado
O bater da velha cabra.
Capa negra de saudade
No momento da partida
Segredos desta cidade
Levo comigo p'rá vida.

Balada de Despedida do 5º Ano Jurídico 88/89



*Cabra: é o nome popular que recebe o relóxo da torre da Universidade, avisando da hora de entrar às aulas. Marca o tempo, se non chegabas, pechábanse as portas de entrada.



"Durante uma semana, a cidade é marcada por inúmeros eventos culturais, com destaque para o Sarau Académico, o Baile de Gala, a Garraiada na Figueira da Foz, o Chá Dançante, entre outras. **"Queima das Fitas"**"

Os estudantes que aceitaram a *praxe* levam un traxe académico de cor negra con capa que inclúe complementos como a tradicional carteira estudiantil, onde durante a carreira se colocan unas cintas da cor da facultade onde se estuda. No último ano, durante as festas académicas, esas cintas quéimanse nun caldeiro no evento más emotivo deses días.



Esse traje tem para os alunos um sentimento de pertença e orgulho acadêmicos. Queima das fitas

Estas son algunhas das normas de uso:

- A saia, dous dedos por riba do xeonllo.
- Non se pode levar bolso -nin as chicas, nin os chicos-.
- Os zapatos, pretos -negros- e sen amallós.
- A capa non se lava -só coa chuvia!-.
- Os caloiros, os alumnos de 1º ano, non poden saír máis das 2 da noite - melloraron, antes era só ata a "meia noite"!
- Se un está namorado debe dar un corte á capa pola metade. Se remata o amor, coserase con fío gordo da cor da Facultade á que se pertenza.
- Os cortes máis pequenos aos lados deste central son para os amigos e os quereres da familia.
- Non estás obrigado a usalo no día a día, só nos actos académicos.

Mais... que pasa se non cumpres as normas que conleva usar o traxe?

- Estes son algúns dos castigos - que impoñen os mozos aos mozos e as mozas ás mozas-:
 - Cortar o cabelo.
 - Dar co zapato nas unllas das mans...

As repúblicas estudantís de Coimbra

Son residencias de estudantes que se remontan ao século XIV. Están rexidas por eles mesmos; comprométense a acatar as decisións do grupo,, seguindo uns valores de democracia e vida en comunidade.

Agrúpanse no Conselho das Repúblicas e están amparadas pola lei portuguesa.

Son, ademais, unha forma singular e única de vivir a época universitaria polo espírito de fraternidade e o movemento cultural e festivo que se desenvolve nelas.

Na actualidade existen 28 que, na súa maioría se ubican nos arredores da Universidade.



E nós agasallamos os informantes dos roteiros con poemas de Manuel María envoltos en Fitas!!!

Fitas para Coimbra. "O idioma é a chave (...)"!!!
(Manuel María, do poema "A fala")

Dende o 17 de maio 1963 conmemoramos en Galiza o Día das Letras Galegas. Cumpriáanse entón 100 anos da publicación de Cantares Gallegos de Rosalía de Castro, unha das principais voces do noso Rexurdimento literario. Festexamos nesta data a obra dun escritor relevante cun especial compromiso coa nosa lingua.

Como sabes, galego-portugués tivo na lírica medieval a súa etapa de esplendor. Por razóns históricas, seguimos camiños diferentes pero atopamos na palabra unha ponte de irmandade. Hoxe, descubrindo Coimbra, queremos agasallarte cun poema de Manuel María, o autor homenaxeado no 2016.



Porque o galego É A CHAVE!

A fala

*O idioma é a chave
coa que abrimos o mundo:
o salouco máis feble,
o pesar máis profundo.*

*O idioma é a vida,
o coitelo da dor,
o murmurio do vento,
a palabra de amor.*

*O idioma é o tempo,
é a voz dos avós
e ese breve ronsel
que deixaremos nós.*

*O idioma é un herdo,
patrimonio do pobo,
maxicamente vello,
eternamente novo.*

*O idioma é a patria,
a esencia máis nosa,
a creación común
meirande e poderosa.*

*O idioma é a forza
que nos xungue e sostén.
¡Se perdemos a fala
non seremos ninguén!*

*O idioma é o amor,
o latexo, a verdade,
a fonte da que agroma
a máis forte irmandade.*

*Renunciar ao idioma
é ser mudo e morrer.
¡Precisamos a lingua
se queremos vencer!*

As rúas do vento
ceibe (1979)

Verbas a un irmao

*Escoita, irmau, as miñas verbas:
son sinxelas e impuras
como as verbas feridas
co coitelo dos beizos, cada día.*

*Vouche decir tan só que teño
a miña mau tendida,
aberta, núa e viva como o mar.*

*Que teño, irmau, maduro o corazón
pra gardar nel as verbas túas.*

*Que a vida é moi fermosa
aínda que hai homes
que teñen os beizos emporcados*

*con verbas de falsía,
i o corazón podre polo odio,
i as maus pingando sangue,
i agachados, no fondo dos seus petos,
en vixía,
coitelos e pistolas asesinas.*

*¿Que importa, irmau, que morra o día
si a súa morte
abre en nós a esperanza do mencer?*

Non temas.

*Aínda o paxaro ten canciós
i as estrelas se alcenden cada noite.*

Mar maior (1963)